

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE E EXCLUÍDAS NA CONVOCATORIA DE PRAZAS E BOLSAS ERASMUS+ E COMPLEMENTARIAS PARA A SELECCIÓN DE ESTUDANTADO NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ ESTUDOS PARA O CURSO 2023-2024

O 16 de novembro de 2022 publicouse a resolución reitoral coas bases reguladoras e a convocatoria de prazas e bolsas Erasmus+ e complementarias para a selección de estudantado no marco do programa Erasmus+ Estudos para o curso 2023-2024.

O 10 de xaneiro de 2023 publicouse a resolución reitoral coas listaxes provisórias de solicitudes admitidas a trámite e excluídas. Rematado o prazo de presentación de emendas tras esta publicación, esta Reitoría

RESOLVE:

1. Publicar a listaxe definitiva de solicitudes admitidas no anexo I
2. Publicar a listaxe definitiva de solicitudes excluídas no anexo II

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño